



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE MAIO DE 2024, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
(Intervención telemática)	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
(Intervención telemática)	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e nove de maio de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesión anteriores (24/04/2024 e 13/05/2024).

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 24/04/2024 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 13/05/2024 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, da Ordenanza fiscal nº 27 reguladora da taxa pola prestación se servizos deportivos e utilización do pavillón municipal (Expediente 2024/G015/000001).

Vista a necesidade de adecuar a taxas polos servizos deportivos que presta o Concello, así como pola utilización do pavillón municipal, motivado polo incremento acumulado nos últimos anos dos custos relacionado coas ditas actividades e que está a producir un desequilibrio entre os custos reais e os ingresos recibidos e o consecuente aumento da situación do déficit que cómpre corrixir para asegurar unha correcta prestación do servizo nos próximos anos.

Considerando que na actualidade as taxas polos servizos deportivos establécense separadamente na Ordenanza fiscal número 14 (última modificación BOP núm. 140 do 24.07.2012) e as taxas por utilización do pavillón municipal na ordenanza fiscal 10 (última modificación BOP núm. 140 do 24.07.2012)

Á vista do anterior, procede derrogar as ordenanzas fiscais nº 14, reguladora da taxa por servizos culturais e deportivos e nº10 reguladora da taxa pola utilización do pavillón municipal



e a aprobación dunha nova ordenanza que regule conxuntamente a prestación de servizos deportivos e utilización do pavillón municipal.

Visto o informe da secretaría de asesoramento legal preceptivo, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Visto o informe do 21.05.2024 que contén o estudo técnico-económico de acordo co disposto no artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e en cumprimento do esixido no artigo 24.2 da citada norma.

Á vista da documentación que obra no expediente 2024/G015/000001 e unha vez cumpridos os trámites esixidos na lexislación vixente, propónse á Comisión de Economía e Especial de Contas a emisión do seguinte ditame:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal nº 27 reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos e utilización do pavillón municipal de acordo coa redacción que se achega (Anexo I).

Segundo: Someter a dita aprobación da ordenanza fiscal municipal a exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) por trinta días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O texto íntegro da ordenanza aprobada con carácter provisional estará a disposición para a súa consulta na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>). Finalizado o período de exposición pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se tiveran presentando e aprobando a redacción definitiva da ordenanza a que se refira o acordo provisional. No caso de non terse presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Terceiro: Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Presidencia di que se están adaptando e regularizados as distintas ordenanzas. Neste caso, nun labor de simplificación e compendio, derróganse as relativas ao tema cultural, porque ao final son prezos públicos que se van aprobando co cal non ten sentido a ordenanza fiscal reguladora dunha taxa, e queda especificamente a taxa deportiva para unha serie de actividades, como actividades deportivas en idade escolar, actividades deportivas para adultos, ximnasio municipal e utilización do pavillón municipal.

Estes son prezos que viñan de anos atrás e o custe dos servizos multiplícase. No estudo económico que acompaña este expediente, a pesares das subidas, o custe global anual está arredor duns 109.000 € e cunha recadación, con esta subida, de 40.000 €, e o concello achega entre 69 e 70 mil euros.

Non hai un afán recadador, senón ir actualizando as distintas taxas e prezos e adaptándoas ao custe da vida.

En concreto, nas actividades deportivas pasan dun prezo de 25 € / cuadrimestre, a 40 € / cuadrimestre, sempre para empadroados.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



En actividades deportivas para adultos, de 40 € / cuadrimestre a 60 € / cuadrimestre, con prezos inferiores a cursos que se dan noutros lugares e mesmo noutros concellos.

No caso do ximnasio municipal a taxa pasa de 40 € a 60 €; e no uso do pavillón municipal pasa de 10 € a 15 € a hora.

Ao mesmo tempo corríxen unha cuestión que había nas bonificacións. Aumentan estas porque se redactan conforme era o espírito en actividades deportivas en idade escolar; bonificación do 50 % no segundo irmán, do 75 € no terceiro ou máis irmáns, e bonificación do 50 % na segunda matrícula ou máis actividade deportiva. Estas son acumulativas, co cal haberá xente que non notará a subida.

Solicita o voto favorable, ou cando menos a abstención.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta en canto estima o concello o incremento, e a Presidencia contesta que arredor duns 13 ou 14 mil euros.

O voceiro do BNG anuncia o voto en contra do seu grupo. Dique non é un problema de contía. Esta taxa en particular xunto coa da ludoteca estalle afectando á xente nova do concello. É a mesma xente á que lle solicitan en novembro que se empadroe en Vedra.

Se son arredor de 10.000 € suxire que deixen a taxa como estaba e deberían reformularse todos os temas que lle afectan á xente nova e facilitarlle as actividades e a incorporación ao concello.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vaise abster. Considera que é unha subida ridícula que non lle implica unha gran cantidade ao concello, pero que si lle pode supor a algunha familia unha subida entre 60 e 80 euros anuais.

Propón que dentro da ordenanza inclúan un apartado de exencións. En ningún sitio da ordenanza figura que os organismos públicos ou clubs estean exentos de pago.

A Presidencia di que habería que estudalo. Propón aprobar así o texto da ordenanza e se dentro dun tempo hai que facer esa modificación, farase. De feito, en eventos deportivos en colaboración con asociacións, non se está cobrando.

Posta a votación, apróbbase con oito votos a favor do PP, tres en contra do BNG e dúas abstencións do PSdeG-PSOE.

3º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o informe dos locais municipais que na actualidade estean sen uso, di que están revisando e no seguinte pleno terá os datos concretos.

2º.- Respecto a que os cursos de memoria que se fan coas persoas maiores cubran tamén a veciños con indicación do neurólogo aínda que teñan menos de 65 anos, di que lle parece unha boa idea e terán que ver como habilitan o procedemento.

3º.- Sobre o estado de limpeza das vías municipais, di que observa que nos concellos da contorna acontece o mesmo ca en Vedra. Teñen zonas limpas e outras non, ben sexan pistas, camiños ou beirarrúas.



A herba medra ao mesmo tempo en todos os lados e non se pode cortar toda ao mesmo tempo en todos os sitios. Se calculan unha semana por parroquia, son tres meses de traballo. É certo que este ano houbo unha serie de incidencias como baixas laborais, e que non comezaran as brigadas de reforzo, o que provocou un pouco de retraso.

Con independencia disto, comparte unha reflexión que lle fixo un veciño, independentemente de que teña ou non razón. Preguntábase se tiña sentido gastar unha chea de cartos en cortar a herba en determinadas épocas se aos 15 días estaba igual. Ao mellor vale a pena aguantar un pouco e nesa época só cortar onde realmente se precise: cruzamentos, lugares de uso público, etcétera.

Hai concellos próximos no que só pasan unha vez ao ano polas parroquias. En Vedra procúrase que sexan polo menos dúas veces.

Di que intentarán paliar o retraso nas próximas semanas.

4º.- Respecto á publicación dos informes ambientais, propón ese taboleiro dixital na web municipal, obviamente visible, no que se vaian poñendo eses informes.

5º.- Sobre revisar as distancias do viñado de Illobre, di que unha vez rematadas as obras comprobaranse. Se non cumpren o establecido nas autorizacións, daráselle traslado aos órganos competentes para esixir o cumprimento das condicións e distancias establecidas na lei.

6º.- Respecto á realización de informes da apareladora sen facer as visitas, di que a apareladora municipal é unha magnífica profesional e fai un moi bo traballo.

7º.- Sobre o tema das augas e as distancias, é independente de que estea dado de alta ou non o pozo, di que pode ser parecido, pero non igual.

8º.- Respecto ao informe ambiental que solicitou, entende que fai referencia aos informes desa obra de Illobre do técnico ambiental da empresa promotora. Tan pronto os teñan incorporaranse ao expediente e poderán ser consultados.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre os comentarios feitos en relación a un acto do 8M, di que é un comentario que non comparte.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o arranxo da pista que comunica San Fins, Matelo e A Torre con Quintáns e Paradela, di que tentarán reparala este verán.

4º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose, do BNG, pregunta:

1º.- Respecto ao tema de limpeza das vías municipais, dille á Presidencia que faga o regulamento, que elimine a corta coa excepción dos cruzamentos e espazos públicos e que despois llo propoña aos veciños.

2º.- Solicitara que se revisase se a tala da carballeira no viñado do que faláron antes era legal. Non lle consta que constetara.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



3º.- Sobre a resposta que deu respecto á apareladora, di que está de acordo en que é competente e traballadora. Reitera a súa pregunta de se é un feito habitual que faga informes sen visitar a zona afectada.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta cantas prazas quedan para as novas incorporacións tralas matriculacións na Escola Infantil Municipal. Cre que o próximo curso van ter o mesmo problema ca neste.

2º.- Cando se tratou o POS 2021, na zona de Socastro, falárase de que aínda que non estaba recollido no proxecto inicial, tamén se ía asfaltar a ponte e quedou sen facer. Pregunta a que se debe iso.

A Presidencia contéstalle que si se vai asfaltar.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta en que situación está o parque infantil de San Xián e se está aprobada a subvención que se solicitara e se estará rematado para setembro.

A Presidencia responde que chegou aprobada esta semana que ten que estar rematado o 31 de outubro.

2º.- No pleno de marzo do concello de Boqueixón a oposición preguntou cando tería lugar a próxima reunión da comisión de seguimento do centro de día e residencia conxunta con Vedra. A resposta foi: “están á espera de convocatoria por parte do concello de Vedra e que a prioridade é a casa do maior”.

No pleno de maio volveron falar do tema e a resposta do Alcalde de Boqueixón foi: “no noso concello contamos dende o ano 2000 cunha residencia de 100 prazas concertada coa Xunta de Galicia. Están traballando na casa do maior”.

Ante estas declaracións nunha sesión plenaria, que veñen sendo moi similares ás que expuxo o BNG hai uns meses, o seu grupo solicita que convoque a comisión de seguimento e negocie co alcalde de Boqueixón para que teña claras as súas ideas e saber se compensa seguir xuntos neste proxecto; porque concellos como Dozón, cunha poboación de 1017 habitantes segundo o INE no ano 2023, conta cunha casa do maior e a Xunta vai financiar unha residencia e un centro de día públicos por un importe de 1.500.000 euros.

O problema non é o número de habitantes, senón as familias do concello que cada día se ven máis angustiadas e preocupadas e non se lle pode dar unha resposta de atención axeitada aos nosos maiores.

3º.- Neste momento a Escola Infantil Municipal de Vedra está practicamente completa, quedarán as prazas que se reservan para os que nazan nos vindeiros meses. A de Boqueixón, segundo está publicado na súa páxina web, ten moitas vacantes. Na resolución provisional e definitiva aparecen excluídos os veciños de Vedra, porque nas bases figura que se non están empadroados ou non traballan no concello de Boqueixón os proxenitores, non son admitidos.

Igual que o equipo de goberno de Vedra ten a ben incorporar nos servizos municipais vedreses aos veciños de Boqueixón que así o solicitan, roga que negocie co alcalde de Boqueixón para que admita a eses nenos na gardería de Boqueixón.

4º.- Pregunta en que situación está a adxudicación coa empresa encargada de prestar o servizo do SAF. Se xa rematou pregunta cando teñen pensado sacalo a concurso.

-- O Sr. González, do PSdeG-PSOE, pregunta:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



1º.- Pregunta cal é o motivo polo que a empresa que está a facer a rede de sumidoiros en Fontao marchou sen acabar e quedan cinco veciños sen poder engancharse.

A Presidencia contesta que se debe a que houbo que facer unha pequena modificación no proxecto e mentres non veña aprobada pola Deputación, que xa está en trámite, non poden continuar coa obra. Espera que sexa o menor tempo posible.

2º.- Pregunta a que foron dous concelleiros, o Alcalde e unha ex concelleira a Riós e canto lle supuxo iso ao concello.

Intervén a Presidencia para sinalar que este é un pleno especial porque é o último do Sr. Secretario da Corporación. En xuño haberá un acto homenaxe.

Di que para el foi unha honra e un pracer compartir todo este tempo, non só como concelleiro e Alcalde, senón como veciño de Vedra.

Toma a palabra o Sr. Secretario para anunciar a súa xubilación na próxima semana. Foron 37 anos de servizo neste concello. Aproveitando a sesión plenaria quere dar as grazas, en xeral, aos veciños de Vedra, e en particular a todos os compañeiros de traballo do concello, porque sempre se sentiu apoiado e tamén a todos os membros da corporación. Se agora mesmo puidese elixir unha corporación na que puidera traballar a gusto, elixiría Vedra.

Tamén se quere desculpar por aqueles erros que puidese ter cometido. Sempre pretendeu poñer por diante a persoa, e despois o tema profesional. Cónstalle, con independencia do carácter de cada quen, que a maioría dos concelleiros e concelleiras desta corporación fan o mesmo.

Aproveita tamén a ocasión para dar as grazas aos distintos alcaldes que presidiron a corporación municipal estes anos, agradecemento que personaliza no actual Alcalde, a quen lle desexa moitos éxitos e moita sorte ao igual có resto de membros da corporación.

Intervén o Sr. Pose, do BNG, para dicir que foi un gusto compartir todos estes anos. Sabe que en ocasións é demasiado vehemente falando pero intenta corrixilo despois. Pide desculpas se nalgún momento molesto. Conclúe dicindo que foi un pracer telo como Secretario do concello.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, dálle as grazas dende o grupo socialista. Ei que foi unha honra que fose o Secretario desta corporación, tanto cando estaban no goberno como agora na oposición.

Como concelleira leva case un ano, pero foi empregada municipal no seu momento. Foron tres anos e medio espectaculares e non pode haber un mellor secretario nun concello. Sempre tivo un trato próximo e sempre estaba dispoñible para os seus compañeiros; algo que non se pode dicir en todos os concellos nin de todos os secretarios.

Para ela foi unha honra como concelleira, como partido e como compañeira.

O Sr. Costa, do PP, di que como voceiro do grupo de goberno e a nivel persoal, leva bastantes anos na corporación e móstralle todo o seu agradecemento e recoñecemento. Destaca o seu bo talante e bonhomía e o trato excelente tanto na oposición como no goberno. Deséxalle todo o mellor nesta nova etapa da súa vida.

Intervén a Presidencia para manifestar que todo o que se está a dicir sobre a persoa do Secretario é compartido por todos.

Reitera as súas verbas do principio e engade que nestes anos como Alcalde, telo como Secretario é unha das maiores tranquilidades que puido ter á hora de exercer o labor da Alcaldía. A súa persoa vai máis alá do que é o consello profesional. Como Secretario, pero sobre todo como persoa, o concello perde moito coa súa marcha. Cre que vai haber un antes e un despois no concello de Vedra trala súa saída.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.



ANEXO I

TEXTO ÍNTEGRO DA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ORDENANZA

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DEPORTIVOS E UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL

Artigo 1.- Fundamento e obxecto

En uso das facultades contidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por prestacións de servizos deportivos e utilización do pavillón municipal.

Artigo 2.- Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible desta taxa a realización de actividades deportivas e a utilización do pavillón municipal.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas, así como as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación dos servizos deportivos.

Artigo 4.- Cota Tributaria

A cota tributaria consiste na aplicación das seguintes tarifas:

1. Actividades deportivas en idade escolar (menores de 16 anos)

<i>Persoas empadroadas en Vedra ou matriculadas en centros escolares de Vedra</i>	<i>40 €/cuadrimestre</i>
<i>Supostos distintos dos anteriores</i>	<i>80 €/cuadrimestre</i>

2. Actividades deportivas para adultos (dende os 16 anos)

<i>Persoas empadroadas en Vedra ou matriculadas en centros escolares de Vedra</i>	<i>60 €/cuadrimestre</i>
<i>Supostos distintos dos anteriores</i>	<i>120 €/cuadrimestre</i>

3. Ximnasio municipal (dende os 18 anos)

<i>Persoas empadroadas en Vedra</i>	<i>60 €/cuadrimestre</i>
<i>Supostos distintos do anterior</i>	<i>120 €/cuadrimestre</i>

4. Utilización do pavillón municipal

<i>Persoas empadroadas en Vedra</i>	<i>15 €/hora</i>
<i>Supostos distintos do anterior</i>	<i>30 €/hora</i>
<i>Reserva especial para competicións deportivas ou espectáculos non deportivos sen entrada libre</i>	<i>150 €/día</i>

Artigo 5.- Bonificacións



1. Actividades deportivas en idade escolar (menores de 16 anos)

- a) Bonificación do 50% no 2º irmán.
- b) Bonificación do 75% no 3º ou máis irmáns
- c) Bonificación do 50% pola matrícula na segunda ou máis actividades deportivas. Esta bonificación aplicarase, no seu caso, unha vez obtida a taxa bonificada nos puntos a) e b) anteriores.

Artigo 6.- Normas de xestión e recadación

De acordo coas normas e calendario que se aprobe e publique anualmente polo Concello, o pago das taxas periódicas realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación das solicitudes de inscrición. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

O incumprimento da obriga de pago ou devolución do recibo dará lugar á baixa da persoa usuaria no servizo. Non admitiranse inscricións nos servizos aos/as usuarios/as que teñan recibos pendentes.

No suposto da utilización do pavillón municipal, o pagamento da taxa deberá realizarse no momento de realizar a reserva.

Artigo 7.- Infraccións e Sancións

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas a Ordenanza nº 14 reguladora da taxa por servizos culturais e deportivos e a Ordenanza fiscal nº10 reguladora da taxa pola utilización do pavillón municipal.

Disposición Final

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.